

**EN FAMILIA TODOS CONTAN**

CURSO	EN FAMILIA TODOS CONTAN
<p><b>OBXECTIVOS</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellorar as habilidades educativas, de xestión e de comunicación de pais, nais ou titores legais que se encontran en situación de vulnerabilidade.</li> <li>• Incrementar os recursos familiares para minimizar as situacións problemáticas.</li> <li>• Proporcionar aos pais ferramentas para identificar de forma precisa os factores de risco a que se encontra exposta a familia e intentar minimizalos mediante o desenvolvemento de habilidades que os capaciten para reconducir as situacións conflitivas.</li> </ul>
<p><b>DESTINATARIOS/AS</b></p>	<p>A poboación destinataria do curso son pais, nais ou titores legais con fillos en idade escolar que se atopan en situación de risco.</p>
<p><b>METODOLOXÍA</b></p>	<p>Os país/nais, para mellorar as habilidades e os coñecementos que actúan como factores de protección, reciben un adestramento interactivo. A través de métodos e estratexias de probada efectividade, mellóranse as pautas educativas e as relacións existentes na familia. Isto implica formar, dotar de ferramentas e involucrar aos pais/nais no desenvolvemento de actitudes, conductas e habilidades de xestión familiar. Inclúe tamén as actuacións</p>



ASOCIACIÓN VIEIRO

	<p>necesarias para exercer a súa función educadora, mediadora e promotora de estilos de vida saudables que favorecen a prevención do consumo de sustancias nos fillos e fillas. Utilízase para, para elo, estratexias metodolóxicas activas e participativas, que transcenden o meramente informativo (técnicas de discusión e debate, modelado, ensaios condutuais, retroalimentación, reforzo de conductas aprendidas, entre outras).</p> <p>Nas sesións utilízanse actividades interactivas, tales como dinámicas, debates, vídeos e actividades en grupo para favorecer o intercambio de ideas entre os/as participantes.</p>
<b>CONTIDOS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Avaliación do sistema familiar (condutas-problema, interaccións e procesos de comunicación pais/nais-fillos).</li><li>➤ Motivación para o cambio.</li><li>➤ Estilo de supervisión.</li><li>➤ O/a noso/nosa fillo/a aprende a comportarse.</li><li>➤ Como actuamos os/as pais/nais.</li><li>➤ O proxecto educativo da familia</li></ul>
<b>LUGAR DE CELEBRACIÓN</b>	Na sede da entidade
<b>DURACIÓN</b>	Aproximadamente 5 sesións, dunha hora e media de duración, que poden verse aumentadas ou reducidas dependendo de cada caso.